


1. Enumera as principais áreas de actividade da empresa. (2010)
2. Define o concepto de empresario de acordo coa teoría do empresario-innovador. A que autor se debe esta teoría? (2009)
3. A empresa: concepto, obxectivos, elementos que a configuran e principais áreas de actividade. (2008)
4. Explica brevemente a diferenza entre as teorías empresario-risco e empresario-innovador. (2007)
5. Que se entende por creación de valor? ilustra a resposta cun exemplo. (2005)
6. Por que, segundo a teoría do empresario innovador, pór en marcha unha nova oportunidade de negocio vese recompensado coa obtención de beneficios extraordinarios? (2004)
7. Cal é o principal factor que na túa opinión permite distinguir as visións do papel do empresario, segundo Adam Smith e Schumpeter? (2003)
8. Visións do papel do empresario no pensamento económico: resume os aspectos máis característicos de tres formulacións distintas identificando os autores que as propoñen. (2002)
9. Diferencia entre as concepcións que sobre o empresario manteñen Schumpeter e Galbraith. (2001)

Tema 2 Clasificación das empresas



1 Clases de empresas

As empresas poden ser clasificadas segundo distintos criterios, sendo os máis comúns os que teñen en conta os seus fins, quen é a súa propiedade, o tamaño, a actividade a que se dedican ou a forma xurídica que adoptan.

■ Criterios de clasificación

- Fin que perseguen.
- Titularidade do capital.
- Tamaño.
- Actividade que realizan.
- Forma xurídica que adoptan.

1.1. Segundo os fins que persigan

Será un primeiro criterio que diferenciaría entre aquelas que perseguen un beneficio económico de calquera tipo, daquelas outras que non o perseguen.

- **Mercantís.** Cando hai ánimo de lucro.
- **Sen ánimo de lucro.** Cando non teñen como obxectivo o beneficio económico.

1.2. Segundo a titularidade da propiedade

Quen é o seu propietario é outra das formas usuais de distinguir unhas empresas doutras, xa que en moitas ocasións o propietario é quen vai definir as formas de actuación. A diferenciación máis común é aquela que distingue entre as empresas privadas e públicas.

- **Públicas.** Cando o seu propietario é algún organismo do sector público.
- **Privadas.** Se o seu propietario ou propietaria é unha persoa física ou xurídica particular.
- **Mixtas.** Son as sociedades nas que coexisten socios particulares e propiedade pública.

1.3. Segundo o seu tamaño

O máis difícil quizais sexa definir o criterio para establecer o tamaño, xa que depende de moitos factores, mesmo da propia actividade. Os criterios máis comúns son o volume de vendas, o cadro de persoal, o valor do activo, os fondos propios, os beneficios etc. Así, fálanse de **empresas grandes, medianas e pequenas. A dimensión ou tamaño das empresas serve para discriminar unhas doutras, por exemplo á hora de establecer a súa responsabilidade e esixencias contables ou de recibir axudas públicas ou pagar impostos.**

■ Tamaño segundo o Plan Xeral Contable (PXC) 2007 ■

Tamaño	Empregadas/os	Activo (euros)	Ventas (euros)
Micro	Menos de 10	Menos de 1 millón	Menos de 2 millóns
PEMES	Menos de 50	Menos de 2,85 millóns	Menos de 5,7 millóns
Grandes	Máis de 50	Máis de 2,85 millóns	Máis de 5,7 millóns

A maior porcentaxe de empresas pequenas está no sector servizos e a maioría das grandes empresas no sector industrial.

■ Número de empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados. Ano 2010 ■

Nº empresas	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Todas	5.233	207.538	86.841	25.757	24.038	70.902
0 asalariad.	2.092	126.160	54.524	15.065	14.732	41.839
1 a 2 asalar.	955	46.501	18.331	6.290	5.564	16.316
3 a 5	649	18.509	7.294	2.488	2.125	6.602
6 a 9	424	7.373	2.888	948	766	2.771
10 a 19	393	4.991	2.070	578	478	1.865
20 a 49	347	2.825	1.183	300	276	1.066
50 a 99	170	750	336	62	67	285
100 a 249	115	323	161	21	19	122
> 250	88	106	54	5	11	36

Fonte: IGE. Explotación do directorio de empresas e unidades locais.

A importancia das pequenas e medianas empresas na sociedade

As coñecidas como PEMES (pequenas e medianas empresas) representan en Galicia e en España o 98 % do total das empresas activas, o 60 % do emprego, o 50 % do PIB e o 40 % do valor das exportacións, o que dá unha idea moi clara da súa importancia económica e social. As pemes proporcionan dous de cada tres postos de traballo existentes.

No contexto do mercado europeo, das empresas con empregados o 98,7 % son pequenas ou medianas, é dicir, teñen menos de 50 empregados.

Con respecto ao desenvolvemento económico e social, as pemes son importantes, xa que, dado o seu número, permiten ampliar e diversificar o tecido empresarial e a base

productiva da sociedade. Ao mesmo tempo potencian ou rexeneran sectores ou áreas de actividade por medio da creación de postos de traballo, innovando nos métodos de traballo e produción, e poñendo en marcha novas formas de organizarse.


■ Distribución do emprego segundo tamaño das empresas europeas en 2001 (%) ■				
	Microempresas (1-9)	Pequenas (10-49)	Medianas (50-249)	Grandes (+ de 250)
Alemaña	28,64	20,34	11,07	39,96
España	46,66	20,03	12,65	20,66
Francia	33,61	18,68	14,20	33,51
Italia	48,16	21,14	11,00	19,70
Reino Unido	29,45	14,27	11,79	44,48
U. Europea-15	34,64	18,88	12,89	33,59

Fonte: N. Villalba Villalba.(2009) <http://www.mihyc.es/Publicaciones/Publicacionesperiodicas/EconomiaIndustrial/RevistaEconomiaIndustrial/374/163.pdf> (27/11/2011)

1.4. Segundo a natureza da súa actividade

O tipo de actividade a que se dedica a empresa foi sempre un sistema para distinguir unhas doutras. Colin Clark, en 1957, estableceu unha das clasificacións máis utilizadas no mundo económico. A actividade estruturárase en sectores económicos, e así fálase de sector primario, secundario e terciario.

- **Sector primario.** Aquelas que agrupan os labores agrícolas, gandeiros, pesqueiros e forestais.
- **Sector secundario.** Son as industrias ou ben aquelas que se dedican á produción ou transformación de produtos. Inclúese tamén neste sector de actividade a construción.
- **Sector terciario.** Aquelas que se dedican á prestación de servizos. Neste sector inclúense todas aquelas que non teñen cabida nos dous anteriores.



As empresas discográficas pertencen ao sector terciario.

■ S. primario	■ Agricultura	■ Silvicultura	■ Acuicultura
	■ Gandeiría	■ Pesca	
■ S. secundario	■ Auga e enerxía	■ Papel e artes gráficas	■ Automoción
	■ Metalurxia	■ Transformación da madeira	■ Construción naval
	■ Rochas, cemento e vidro	■ Elaborados metálicos	■ Alimentación
	■ Química	■ Maquinaria	■ Téxtil e coiro
			■ Construción
■ S. terciario	■ Comercio	■ Comunicacions	■ Sanidade
	■ Reparación e recuperación de produtos	■ Financieras/de seguros	■ Servizos domésticos, persoais, culturais
	■ Hostalería e restauración	■ Servizos ás empresas	■ Defensa
	■ Transporte	■ Alugamento de inmobles	■ Administración central, autonoma, local
		■ Ensino e investigación	

Aínda que nos libros se segue utilizando intensamente, esta clasificación hoxe non é moi operativa, dada a proliferación de novas actividades e, sobre todo, pola dificultade de definir correctamente as que comprende un sector terciario que cada vez é máis un caixon de xastre, e ao que van todas aquelas novas actividades produto das sociedades avanzadas e do emprego das novas tecnoloxías da información e comunicación. Hoxe en día o sistema máis utilizado é a clasificación por ramas de actividade, segundo o código CNAE (Anexo I do tema).

■ Empresas activas segundo sector económico. España (%) ■				
	Industria	Construción	Comercio	Resto servizos
2007	7,3	18,0	24,6	24,6
2008	7,2	18,1	23,9	23,9
2009	7,3	16,5	24,0	24,0
2010	7,0	15,5	24,2	24,2
2011	6,8	15,0	24,1	24,1

ver página 66

Fonte: Cifras IBE 2012

1.5. Segundo o tipo de propiedade

Esta é outra forma distinta de analizar os diferentes tipos de empresas. A propiedade das empresas pode ser dunha persoa individual ou dun grupo de persoas.

- **Individual.** Onde a propiedade é dunha persoa física.
- **Sociedade.** Cando a propiedade é de varias ou moitas persoas, e como tal ten personalidade xurídica independente das persoas que a constitúen. Os tipos de sociedades máis importantes son as anónimas, de responsabilidade limitada e as cooperativas.

■ Número de empresas segundo titularidade e sede social. Ano 2009 ■						
	España	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
TOTAL	5.443	209.870 (100 %)	87.879	25.805	24.114	72.072
Persoas físicas	948	121.965 (58 %)	51.786	16.301	14.864	39.014
Sociedades anónimas	1.876	3.865 (1,8 %)	1.625	282	447	1.511
Sociedades responsab. limitada	2.176	66.002 (31 %)	26.248	6.833	6.889	26.092
Sociedades cooperativas	20	937	389	167	108	273
Outros	423	17.101	7.831	2.222	1.806	5.242

Fonte: IGE. 02/12/2010. Nota: Nas empresas con sede social "España" inclúense as empresas que realizan actividades en Galicia e que teñen a súa sede social fóra de Galicia.

2 > As formas xurídicas das empresas

As empresas poden adoptar diferentes formas xurídicas dependendo dos seus intereses. Algunhas das razóns que fan que unha empresa elixa unha forma xurídica ou outra son: O adquirir un certo tamaño, xa que hai modalidades máis acordadas coas empresas de menor tamaño e outras, no entanto, son máis adecuadas para as grandes. Outra razón é a necesidade de capital, en que como antes, haberá un modelo para as grandes e outro para as medianas ou pequenas. Segundo que os socios estean ou non dispostos a asumir as responsabilidades económicas derivadas da propia actividade, tamén haberá unha forma ou outra.

Poderíamos dicir que a forma xurídica das empresas estará condicionada fundamentalmente polos seguintes aspectos:

- Volume de negocio a emprender.
- Número de participantes na idea.
- Risco patrimonial que se queira asumir por parte dos socios e das socias.
- Capital necesario.

Outras variables que poden influír serían a forma de facer as achegas iniciais ou o capital (diñeiro, bens, traballo), a representación do capital (participacións, accións, títulos nominativos) ou os aspectos fiscais, é dicir, se deben acollerse ao imposto sobre a Renda ou o Imposto de Sociedades.

A primeira diferenciación entre as diferentes formas xurídicas que unha empresa pode adoptar é aquela que diferencia entre empresas individuais e empresas societarias; pero é neste segundo grupo onde as posibilidades se diversifican, dando lugar a diferentes tipos de sociedades en que cada unha delas responde a unha necesidade de ser das empresas.

■ Formas xurídicas das empresas ■	
■ Empresas individuais	■ Sociedades
	▶ Sociedades de persoas
	· Sociedades colectivas
	· Sociedades comanditarias
	▶ Sociedades de capitais
	· Sociedades de responsabilidade limitada
	· Sociedades anónimas

O Rexistro Mercantil

É unha oficina de rexistro pública con información pública e veraz, que contén os datos dos empresarios mercantís, para que estes poidan ser coñecidos en calquera momento polos terceiros que con eles se relacionan.

A lei establece que as empresas estarán obrigadas a levar a documentación que garde de manifesto a súa actividade por medio duns libros contables, que se gardan no Rexistro Mercantil.

Libros contables obrigatorios

- **Libro Diario:** recolle cronoloxicamente as operacións das empresas.
- **Inventarios e Contas anuais:** mostran a situación patrimonial e dos resultados do período. As contas anuais deberán ser depositadas no Rexistro Mercantil.



Outros libros contables

- **Libro de actas:** recolle os acordos dos socios.
- **Libro de socios:** recolle o nome e participacións de cada un dos socios.

Que se inscribe no Rexistro Mercantil?

Os empresarios individuais, as sociedades mercantís e demais suxeitos que actúan no tráfico mercantil. Así mesmo inscribíense os actos e acordos das devanditas persoas relativas á súa organización e funcionamento.

Que servizos ofrece?

Ten como función o depósito de contas anuais, a legalización de libros dos empresarios e o nomeamento de expertos auditores independentes.

- **Rexistro Mercantil**
 - **Leva un rexistro dos actos mercantís.**
 - **Nel depositanse os documentos contables.**
 - **Legaliza os libros contables.**
 - **Nomea auditores.**

2.1. O empresario individual

É unha persoa física que desenvolve unha actividade, en nome propio e baixo a súa responsabilidade persoal. Socialmente son coñecidos como profesionais liberais ou autónomos.

As empresas indiv duais constitúense cando o capital necesario pode ser achegado por unha soa persoa, e non se desexa compartir a xestión da empresa con ninguén, aínda que leve implícito facerse cargo de todos os riscos. Ao seren máis pequenas,



Unha persoa que monta o seu propio negocio é un empresario individual.

▪ **Sociedades non mercantís**

- **Sociedade civil**
- **Comunidade de bens**

▪ **Sociedades mercantís**

- **Personalistas**
 - ▶ **Colectivas**
 - ▶ **Comanditarias**
- **Capitalistas**
 - ▶ **Limitada nova empresa**
 - ▶ **Limitada**
 - ▶ **Anónima**

▪ **Sociedades de carácter económico social**

- **Cooperativas**
- **Laborais**

A súa actividade está regulada polo Código de Comercio e o Código Civil en canto a dereitos e obrigas. Para ser considerado empresario o artigo 1º do Código de Comercio exige ter capacidade legal –ser maior de idade– e habitualidade –é dicir, ser un profesional e non actuar dunha maneira illada–. Os resultados da actividade tributan no Imposto sobre a Renda (IRPF) no apartado referente a actividades económicas.

A responsabilidade dos resultados do negocio é ilimitada, o empresario ou a empresa responderá das débedas xurdidas da actividade coa totalidade dos seus bens, é dicir, respóndese con todo o seu patrimonio tanto persoal como empresarial. Non existe separación entre o patrimonio da empresa e o do empresario. No caso de persoas casadas, o cónxuxe do empresario responderá cos bens comúns do matrimonio agás que negue o seu consentimento explicitamente.

A inscrición no Rexistro Mercantil é potestativa, é dicir, non obrigatoria, mais pódese considerar conveniente, xa que posibilita o acceso a determinadas informacións. De non estar inscrita como tal, a empresa non poderá solicitar a inscrición de ningún documento no Rexistro nin poderá aproveitar a publicidade fronte a terceiros.


2.2. As sociedades mercantís

Cando un grupo de persoas pon en común bens ou diñeiro, co obxectivo de obter uns beneficios, forman unha sociedade. Son as comunmente coñecidas como “sociedades”, e son consideradas persoas xurídicas.

Dentro dos diversos tipos de sociedade existentes, unha primeira diferenciación sería aquela que distingue entre sociedades mercantís daquelas non mercantís. As primeiras serían aquelas cun carácter personalista ou capitalista, mentres que as segundas, as non mercantís, serían as sociedades civís e as comunidades de bens. A esta primeira diferenciación poderíamose engadirle aquela que inclúe as sociedades que posúen un certo carácter económico social, como as cooperativas ou as sociedades laborais.

Elementos que caracterizan unha sociedade mercantil

- **Os socios e as socias.** Que son as persoas que as compoñen. En xeral, requirense un mínimo de dúas persoas, aínda que é posible a constitución de sociedades unipersoais en determinados casos.
- **As contribucións,** que son as achegas que cada socio e socia fai para constituír o capital social. Poden ser en forma de diñeiro ou doutro tipo.
- **A intención de lucro** é unha característica das sociedades mercantís, xa que o seu obxectivo é obter uns beneficios para os seus socios, que, en xeral, será diñeiro.
- **A realización dunha Escritura pública** en Notaría e a súa inscrición no Rexistro Mercantil, que é a condición imprescindible para ter personalidade xurídica e poder funcionar.



Pasos a dar na posta en marcha dunha sociedade

A posta en funcionamento dunha sociedade esixe cumprir cuns determinados formalismos que van depender do tipo de sociedade que queiramos constituír. Os pasos seguintes son xenéricos e, polo tanto, deben entenderse como o que normalmente hai que facer, tendo en conta que determinadas sociedades, polas súas peculiaridades, deben cumprir cunhas normas específicas.

O primeiro é buscar un nome e inscribilo no Rexistro Mercantil. Haberá que ter en conta que non exista outra sociedade co mesmo nome. Posteriormente inscribírase a sociedade no propio Rexistro, para o que se deberá ter uns Estatutos e unha Escritura de constitución, que se fará nunha Notaría, e nas que as socias e os socios declararán o obxecto social, os seus datos, o capital achegado por cadaquén etc. Os Estatutos recollerán as normas de funcionamento da sociedade.

En Facenda deberase solicitar un código de identificación fiscal (CIF) e obter a Declaración Censual, así como darse de alta no Imposto de Actividades Económicas

Clasificación das empresas

(IAE) se se vai ter un volume de negocio superior a un millón de euros, e pagar determinados impostos que teñen que ver coa constitución de sociedades, como é o Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP e AXD).

Ao final haberá que facer a inscrición da empresa na Seguridade Social e dar de alta nela aos traballadores e ás traballadoras. Ou darse de alta no réxime de autónomos.

Na Consellería de Traballo haberá que obter e legalizar o libro de visitas, a obtención do calendario laboral e notificar a apertura do centro de traballo.

Para a posta en marcha definitiva haberá que obter do Concello as licenzas de obras e de apertura.

De non ser unha sociedade, para empresarios ou empresarias individuais basta co DNI; para Comunidades de Bens e Sociedades Cívicas o DNI dos socios ou promotores, contrato público ou privado e obtención do CIF.

- **Rexistro Mercantil**
 - Certificación negativa de denominación
 - Provincial: inscrición da empresa

- **Notaría**
 - Estatutos
 - Escritura pública de constitución

- **Facenda**
 - Declaración Censual. Solicitud CIF
 - Alta no imposto de actividades económicas (se > 1 millón €)
 - Alta no imposto de bens inmobles

- **Dirección Xeral de Tributos**
 - Pago de ITP e AXD

- **Seguridade Social**
 - Alta traballadoras e traballadores
 - Alta réxime autónomos
 - Inscrición da empresa na Seguridade Social

- **Consellería de Traballo**
 - Adquisición e legalización do libro de visitas
 - Obtención do calendario laboral
 - Notificación apertura centro de traballo

- **Concello**
 - Licenza de apertura
 - Licenza de obras

2.3. Clases de sociedades mercantís

As sociedades diferéncianse unhas doutras en función do nivel de responsabilidade que os seus propietarios decidan asumir con respecto ás débedas da propia sociedade. Segundo isto falaremos de sociedades de persoas, de capitais ou mixtas.

- **Sociedade de persoas**, son aquelas nas que os socios e as sociais responden persoal, ilimitada e solidariamente fronte aos acredores. Un exemplo sería a Sociedade Colectiva.
- **Sociedade de capitais**, son as que os socios e as sociais tan só responden das débedas do capital achegado, sendo o patrimonio da propia sociedade quen se fará cargo delas. Exemplos son a Sociedade de Responsabilidade Limitada ou a Sociedade Anónima.
- **Sociedade mixtas** son aquelas que comparten características das dúas anteriores. Exemplo son as Sociedades Comanditarias.

O estudo dos diferentes tipos de sociedade farémolo seguindo o seguinte esquema:

- ▶ Lexislación aplicable.
- ▶ Concepto e características.
- ▶ Denominación.
- ▶ Requisitos mínimos de constitución.
- ▶ Clases e responsabilidade dos socios e das sociais.
- ▶ Órganos de xestión e administración.

2.3.1. Sociedade Colectiva

Lexislación aplicable

Reguladas polo Código de Comercio de 1885, Regulamento do Rexistro Mercantil (R.D.L. 1784/1996), R.D.L. 1/2010, de 2 de xullo (texto refundido de Lei de Sociedades de Capital), Lei 25/2011, de 1 de agosto (reforma parcial da L.S.C. e incorporación da Directiva 2007/36/CE) e Lei 1/2012, de 22 xuño (reforma parcial da L.S.C.).

Concepto

A sociedade colectiva é unha sociedade personalista dedicada, en nome colectivo e baixo o principio de responsabilidade ilimitada e solidaria dos seus socios, á explotación do seu obxecto social.

Características

É unha sociedade personalista, que se basea na mutua confianza dos socios, e na que a calidade de socie é intransferible sen o consentimento dos demais.

As sociedades colectivas constitúense normalmente para levar adiante empresas con capital reducido e formadas por poucos socios.

Denominación

Funciona baixo o nome dos socios e en nome colectivo. A razón social estará composta polo nome dun ou varios dos socios e das sociais máis "e Compañía" (distinto do nome comercial que pode ser calquera).

Requisitos constitución

Escritura pública e Estatutos, que se inscribirán no Rexistro Mercantil. Deberase obter, en primeiro lugar, unha certificación negativa de denominación expedida polo Rexistro Mercantil central.

O número mínimo de socios é de dous, e son responsables das débedas da sociedade de forma persoal (cos seus bens particulares), ilimitada (sen límite), solidaria (cada un por todos) e subsidiaria (eles pola sociedade).


Socios

Os socios poden achegar capital ou traballo, e poden ser de dous tipos: capitalistas ou industriais. En caso de haber socios industriais recibe o nome de Sociedade Irregular Colectiva (SIC).

- Capitalistas: Achegan diñeiro ou bens. Traballan na sociedade e administrana.
- Industriais: Achegan tan só traballo.

Os beneficios serán repartibles segundo o establecido na Escritura de constitución (proporcionalmente ás contribucións). Os industriais gañan como o que menos e quedan excluídos de perdas. Os beneficios tamén poden ser acumulados a reservas como en todas as sociedades.

Para a transmisión de participacións deberán estar todos de acordo, e leva implícito a modificación da Escritura e unha nova inscrición no Rexistro Mercantil.



Os socios e socios industriais nunha Sociedade Colectiva, proporcionan traballo.

Órganos de xestión e administración

Todos os socios colectivos teñen dereito a participaren na administración e representación da empresa. A forma de levar adiante a xestión pode ser mancomunada (actúan

todos de acordo), solidaria (obríganse todos ao que un fai) ou por medio do sistema de maiorías (mediante votación).

2.3.2. Sociedade Comanditaria

Legislación aplicable

Reguladas polo Código de Comercio de 1885, Regulamento do Rexistro Mercantil (R.D.L. 1784/1996), RDL 1/2010, de 2 de xullo (texto refundido de Lei de Sociedades de Capital), Lei 25/2011, de 1 de agosto (reforma parcial da L.S.C. e incorporación da Directiva 2007/36/CE) e Lei 1/2012, de 22 xuño (reforma parcial da L.S.C.).

Concepto

A sociedade comanditaria é unha sociedade personalista dedicada, en nome colectivo e con responsabilidade limitada para uns socios (comanditarios) e limitada para outros (colectivos), á explotación dun obxecto social.

Características

O capital está dividido en partes denominadas participacións. Existe unha modalidade de Sociedade Comanditaria en que, en vez de participación, os títulos están representados por accións.

Denominación

A razón social xirará baixo o nome de todos ou algúns dos socios colectivos; ou ben unha denominación obxectiva e a indicación "sociedade en comandita".

Requisitos constitución

Escritura pública e Estatutos (especificando o nome dos socios comanditarios e a súa contribución) e inscrición no Rexistro Mercantil. Requírese un mínimo de dous socios. Non existe un capital mínimo exigible legalmente para a súa constitución.

Socios

- Os socios poden ser de dous tipos, colectivos e comanditarios.
- Os colectivos comportaranse igual que os da sociedade colectiva.
- Os comanditarios só achegan capital en diñeiro ou en especie e non participan na xestión, non realizan traballo e non se responsabilizan das débedas sociais máis que co achegado. A súa participación nos beneficios será así mesmo en función da súa contribución.



A sociedade comanditaria é unha sociedade personalista dedicada á explotación dun obxecto social.

- Hai un tipo especial de sociedade comanditaria que se denomina sociedade comanditaria por accións, na que as participacións dos socios comanditarios toman a forma de accións.

Órganos de xestión e administración

A administración lévana os socios colectivos.

2.3.3. Sociedade Limitada (SL)

Legislación aplicable

Lei 2/1995 de 23 de marzo de sociedades de responsabilidade limitada, Lei 19/1989, de 25 de xullo de adaptación da legislación mercantil ás directivas europeas, R.D.L. 1/2010, de 2 de xullo (texto refundido de Lei de Sociedades de Capital), Lei 25/2011, de 1 de agosto (reforma parcial da L.S.C. e incorporación da Directiva 2007/36/CE) e Lei 1/2012, de 22 xuño (reforma parcial da L.S.C.).


Concepto

Sociedade mercantil cun capital non menor de 3.005,06 € dividido en participacións individuais, con 2 ou máis socios, que non responderán persoalmente das débedas sociais.

Características

Sociedade capitalista, na que o capital social está dividido en participacións, que serán iguais e indivisibles; polo que os socios e as socias non son accionistas, senón socios e a súa responsabilidade sobre as débedas que a sociedade contrae é limitada. As participacións propiedade de cada socio non son libremente transmisibles.

Debido as súas características as sociedades limitadas son as máis numerosas dentro do panorama empresarial.



O capital social das SPL está dividido en participacións individuais.

Et1_A empresa e a súa función social

Características

O seu capital igual que o das sociedades limitadas estará dividido en participacións, e a responsabilidade dos socios é limitada. A SLNE pode ser constituída en 48 horas mediante o denominado Documento Único Electrónico, posúe unha contabilidade simplificada e incentivos fiscais.

Denominación

A denominación constará dos dous apelidos dun dos socios seguidos dun código. Deberá constar a indicación "Sociedade Limitada Nova Empresa" ou as súas siglas.

Requisitos de constitución

Constituirase mediante Escritura pública, podendo ser realizado mediante procedementos electrónicos ou informáticos, o que dá maior rapidez á súa constitución. O capital non poderá ser inferior a 3.012 € nin superior a 120.202 € e deberá desembolsarse en diñeiro. O número de socios ou sociais na súa constitución non deberá ser superior a 5.

Socios

Os socios **deberán ser persoas físicas**, que, como xa se dixo, non poden ser máis de cinco **cando se constitúe, pero** que poden aumentar posteriormente no caso da transmisión das participacións.

Os socios participarán dos beneficios sociais en función das súas participacións, e contarán con prioridade á hora de adquirir novas participacións. A responsabilidade con respecto ás débedas dos socios está limitada ás achegas realizadas por cada socio.

Órganos de xestión e administración

Os órganos sociais **estarán constituídos** por unha Xunta xeral de socios e socios e un órgano de administración, que pode ser unipersoal ou pluri persoal.

2.3.5. Sociedade anónima (SA)

Lexislación aplicable

Lei 19/1989, de 25 de xullo de Sociedades Anónimas, Real Decreto legislativo 1564/1989, de 22 de decembro do texto refundido da Lei de Sociedades Anónimas, R.D.L. 1/2010, de 2 de xullo (texto refundido de Lei de Sociedades de Capital), Lei 25/2011, de 1 de agosto (reforma parcial da L.S.C. e incorporación da Directiva 2007/36/CE) e Lei 1/2012, de 22 de xuño (reforma parcial da L.S.C.).

Concepto

A sociedade anónima é unha sociedade capitalista, de carácter mercantil, cun capital dividido en partes iguais denominadas accións, dedicada á explotación do seu obxecto social. Funciona baixo o principio de responsabilidade limitada e non persoal dos socios polas débedas sociais.

Denominación

A denominación poderá facer referencia á actividade, ou conter o nome dunha persoa. As siglas que as identifican son as de SRL ou SL.

Requisitos de constitución

A constitución debe **ser simultánea** mediante Escritura pública e inscrición no Rexistro Mercantil. O capital **deberá** estar totalmente subscrito e desembolsado na súa totalidade.

Socios

As participacións **confiren a calidade de socio, que non é transmisíbel** libremente, **senón que ten que comunicarse á sociedade para que poida ser adquirida** en primeira instancia polos **actuais socios e tan só despois** ir á libre venda.

Existen SRL unipersoais, constituídas por un só socio.

Dereitos das socios e socias

- Dereito preferente de subscripción.
- Dereito a participar no patrimonio resultante da liquidación.
- Participar nos órganos sociais
- Votar nas reunións.
- Participar nos beneficios.
- Estar informado sobre a marcha da sociedade.

Órganos de xestión e administración

Xunta xeral de socios, que é o órgano soberano que agrupa todos os socios partícipes.

Os Administradores que levan a xestión e representación, **poden ser socios ou non**. A duración do seu mandato vén marcada na **Escritura ou pode ser indefinida**. Poden funcionar de forma solidaria, mancomunada ou baixo forma de xunta.

2.3.4. Sociedade limitada nova empresa (SLNE)

Lexislación aplicable

Lei 7/2003, de 1 de abril da sociedade limitada nova empresa, R.D.L. 1/2010, de 2 de xullo (texto refundido de Lei de Sociedades de Capital), Lei 25/2011, de 1 de agosto (reforma parcial da L.S.C. e incorporación da Directiva 2007/36/CE) e Lei 1/2012, de 22 de xuño (reforma parcial da L.S.C.).

Definición

A **Sociedade Limitada Nova empresa** é un tipo **especial** de sociedade de responsabilidade limitada, cuxa finalidade é a de axilizar os **trámites administrativos** de constitución das pequenas e medianas empresas.

Características

Sociedade capitalista por accións que son libremente transmisibles. Os socios teñen responsabilidade limitada.

Denominación

O nome **podrá** ser de calquera tipo coa saivade de non poder ser igual a outro xa existente. **Deberá** ir acompañado das siglas SA.

Requisitos constitución

A nivel xeral a constitución require un mínimo de dous socios e un capital mínimo de 60.101,21 €. Pode ser simultánea coa subscrición da totalidade do capital por parte dos socios fundadores (desembolso inicial do 25 %, o resto quedan en débeda formando dividendos pasivos), ou sucesiva cando se fai a partir duns socios promotores que por si sós non achegan todo o capital, e ofrecen en sucesivas fases ao público as accións.

Os socios fundadores, na simultánea, e os promotores, na sucesiva, poderán reservarse dereitos especiais de carácter económico que non superen o 10 % dos beneficios netos por un tempo limitado a 10 anos.

Deberá facerse unha Escritura de carácter público por medio dun notario e inscribirse no Rexistro Mercantil. Antes de faceren a escritura deberán obter unha Certificación negativa de denominación para asegurárense de que non existe outra co mesmo nome.

A **Escritura** é o documento fundacional no que se expresarán as circunstancias persoais dos outorgantes, a súa vontade de fundar unha SA, as contribucións dos socios, os estatutos e demais pactos que a lei permita.

Os **Estatutos** son as normas que regulan a vida interna da sociedade. Recollen o nome da sociedade, o obxecto social, a duración, os órganos administradores etc.

Escritura

- Identificación dos outorgantes da escritura.
- Vontade de fundar unha sociedade anónima.
- Contribución de cada socio e socia.
- Pactos establecidos non contrarios á lei.

Estatutos


- Denominación da sociedade.
- Obxecto e actividade social.
- Duración da sociedade.
- Data de comezo das operacións.
- Domicilio social.
- Capital social.
- Número e clase de accións.
- Capital non desembolsado.
- Órganos que exercerán a administración e representación.
- Convocatoria de xunta de socios e socias.
- Formas de tomar acordos.
- Restricións á libre transmisión de accións.

Socios

O número mínimo de socios deberá ser de dous, aínda que a lei contempla a posibilidade de constituir sociedades anónimas de carácter unipersonal.

As contribucións dos socios realizaranse en diñeiro ou en especie, e non en traballo.

Calquera persoa pode participar coa suma que desexe, con só comprar un ou varios títulos (accións), e deixando de ser socio tan só con vendelas.



Finsa - Financiera maderera, S.A. - é, como o seu nome indica, unha sociedade anónima.

Dereitos dos accionistas

- Participar nos beneficios da sociedade (dividendos activos).
- Participar no patrimonio resultante da liquidación da sociedade.
- Subscrición preferente de novas accións nas sucesivas ampliacións de capital.
- Asistencia con voz e voto á xunta xeral de accionistas (segundo establezan os Estatutos).
- Estar informado sobre a traxectoria da sociedade.
- Impugnar acordos.

Accións

Unha acción é un título de renda variable que representa unha parte alicuota do capital. Proporciona ao seu posuidor o carácter de socio. Antes as accións estaban representadas mediante títulos impresos con variados deseños, hoxe substitúese por unha anotación en conta nos rexistros das sociedades.

■ Valores que pode ter unha acción:

- ▶ *Valor nominal.* É o que lle corresponde a cada acción resultante do cociente entre o capital social e número de accións emitidas.
- ▶ *Valor efectivo ou de cotización.* É o valor que o mercado, por medio da oferta e a demanda, asigna a cada acción.
- ▶ *Valor teórico.* É o que lle correspondería se o valor da acción se fundamentase en criterios contables e financeiros. Hai moitas formas de calculo, unha delas sería dividindo o patrimonio neto entre o número de accións, e outra a través da razón entre os dividendos activos e o tipo de xuro do mercado.

■ Clases de accións:

- ▶ *Nominativas ou ao portador.* As nominativas identifican a persoa propietaria, figuran nun rexistro especial e son transferibles previa intervención dun notario. As accións ao portador son anónimas e diferéncianse pola súa numeración e represéntanse por anotacións contables.
- ▶ *Con voto ou sen voto.* É posible que existan accións sen voto, que en compensación gozarán de preferencias á hora de repartir os beneficios anuais.
- ▶ *Ordinarias ou privilexiadas* cando incorporan certos beneficios ou dereitos non xeneralizados, como, por exemplo, preferencias nas subscripcións de novas accións, un tanto fixo de retribución, percibir os beneficios antes que os demais etc.
- ▶ *Desembolsadas,* as que foron pagadas na súa totalidade cando foron adquiridas.
- ▶ *Liberadas,* total ou parcialmente, que son as que non teñen que ser aboadas polos accionistas, xa que o fai a sociedade con cargo ás súas reservas.
- ▶ *Accións con prima,* son aquelas que teñen un valor de emisión superior ao nominal.

As accións son libremente transmisibles no mercado de valores (Bolsa).

É posible que a sociedade posúa unha autocartera das súas propias accións sempre que non supere o 10 % do capital social.

Órganos e funcións e administración

- **Xunta xeral.** Formada por todos os socios e todas as socias. Entre as súas funcións está a **aprobación** das contas, distribución de **beneficios**, nomeamento de administradores, **modificación** de estatutos... Pode ser **ordinaria**, cando se xunta segundo



A xunta xeral de socios é a xuntanza destes para tomar decisións sobre a sociedade.

o acordado nos Estatutos e dentro dos primeiros seis meses do ano para aprobar as contas anuais, **extraordinaria**, cando unha razón deste tipo asío require e se dan uns mínimos de socios e capital para a súa convocatoria, e **universal**, que se dá cando, coincidindo os socios que representan a totalidade do capital, manifestan a vontade de celebrar unha xunta.

A transformación, fusión, escisión, disolución e liquidación da sociedade deberá ser decidida pola xunta xeral de socios cunha porcentaxe cualificada de votos.

- **Administración.** Encárganse da xestión (organizan e dirixen) e representación (actúan no nome dos demais socios). Poden ser unha ou varias persoas, que non teñen que ser socios. A forma de actuación pode ser solidaria ou conxunta, neste último caso fano baixo a forma de Consello de Administración (debedo ser máis de tres).
- **Audidores de contas.** Controlan os administradores no nome dos socios. Son nomeados pola Xunta de socios cunha duración entre 3 e 9 anos.

2.3.6. Sociedades Laborais

Legislación aplicable

Lei 4/1997, de 24 de marzo de sociedades laborais. Lei 19/1989, de 25 de xullo de adaptación ás directivas europeas das sociedades. R.D. 1456/1989, de 1 de decembro traspaños a Galicia en materia de cualificación e rexistro de sociedades anónimas laborais. R.D. 2114/1998, de 2 de outubro sobre rexistro administrativo de sociedades laborais.

Características

Son sociedades anónimas ou de responsabilidade limitada nas que ao menos o 51 % do capital pertence aos traballadores que prestan os seus servizos neas, cunha relación de carácter indefinido e en xornada completa.

O capital mínimo é de 60.101,21 € para as anónimas laborais (SAL) e está dividido en accións, debendo estar totalmente subscrito e desembolsado nun 25 % no momento da súa fundación. As accións dos socios traballadores serán sempre nominativas e a súa transmisión a socios non traballadores require unha oferta previa aos demais socios traballadores e á propia sociedade. Nas Sociedades limitadas laborais (SLL) o capital será como mínimo de 3.005,06 € debendo estar totalmente subscrito e desembolsado.

Ningún socio poderá posuír máis do 25 % do capital social.

Existe un fondo de reserva (de carácter irrepatriable) do 10 % dos beneficios líquidos de cada exercicio. Pola súa finalidade de fomentar o acceso dos traballadores aos medios de produción, contan con beneficios fiscais, financeiros e laborais.

Denominación

Na súa denominación, que non poderá ser igual á doutra xa existente, deberá constar a indicación de Sociedade Anónima Laboral ou Sociedade de Responsabilidade Laboral ou as siglas respectivas (SAL ou SRL).

Requisitos constitución

A constitución require a elaboración duns Estatutos, dunha Escritura pública e da inscrición no Rexistro de Sociedades laborais e Rexistro Mercantil.

O número mínimo de socios deberá ser de tres, que serán traballadores e non traballadores ou capitalistas.

Socios

Os socios non traballadores ou capitalistas achegan só capital. Os socios traballadores posuían polo menos o 51 % do capital social. A responsabilidade para todos os socios está limitada ás contribucións.

Órganos de xestión e administración

Os órganos sociais son a asemblea xeral de socios –que poderá ser ordinaria, extraordinaria e universal– e o órgano de administración –que é o encargado da xestión da sociedade–.

Os administradores son elixidos pola asemblea de socios e poden ser unipersoais ou pluri persoais.

2.4. Sociedades Cooperativas

Lexislación aplicable

Lei 14/2011, de 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, de 18 de decembro de cooperativas de Galicia (DOG nº 2, de 03/01/2012). Lei 27/1999, de 16 de xullo, de Cooperativas (BOE nº 170, de 17 de xullo). Lei 20/1990, de 19 de decembro, sobre Réxime fiscal das Cooperativas (BOE nº 304, de 20 de decembro).

Concepto

As sociedades cooperativas son sociedades con capital variable, estrutura e xestión democrática, que agrupan en libre adhesión e baixa voluntaria persoas que teñen intereses ou necesidades socioeconómicas comúns. O seu obxectivo é prestar servizos ou satisfacer necesidades dos socios.

Características

As sociedades cooperativas non teñen carácter mercantil. O capital estará constituído polas contribucións obrigatorias e voluntarias dos socios.

Hai dous tipos de cooperativas, as **de primeiro grao** formadas por persoas que se asocian cun obxectivo, e as **de segundo grao** que son aquelas que están formadas por outras cooperativas ou integran persoas xurídicas públicas ou privadas.

O capital estará constituído polas achegas de cada socio, cun mínimo de 3.005,06 €, que serán unhas obrigatorias, iguais para cada socio, e outras voluntarias, debendo estar totalmente desembolsado nas primeiras e tan só o 25 % no momento da constitución nas segundas.

As sociedades cooperativas, debido ao seu carácter, gozan dunha serie de vantaxes con respecto a outras sociedades, como, por exemplo, menor tributación no imposto de sociedades, bonificacións fiscais en diversos impostos e vantaxes e axudas laborais.

Denominación

Toda sociedade cooperativa deberá incluír na súa denominación os termos "Sociedade Cooperativa" e opcionalmente "Galega", ou abreviadamente (S. Coop. Galega).

Clases

As cooperativas poden ser de dous tipos, as de primeiro grao, formadas por socios ordinarios, e as de segundo grao, formadas por dous ou máis cooperativas de primeiro grao.

En función das súas características e actividade poderemos falar dos seguintes tipos de cooperativas:

- ▶ **De traballo asociado.** Que é a formada por persoas naturais con capacidade legal para desenvolver a actividade cooperativa. Ten por obxecto a prestación do traballo dos socios, proporcionándolles emprego, para producir en común bens e servizos para terceiros.
- ▶ **De consumidores e usuarios.** Teñen por obxecto a procura de bens e servizos para o consumo cos seus socios e dos seus familiares.
- ▶ **De vivendas.** Constituídas maioritariamente por persoas físicas co obxecto de conseguir vivendas ou locais para os seus socios. Requiren un mínimo de socios equivalente ao 75 % do total da promoción de vivendas que se pretenda realizar.
- ▶ **Agrarias.** Integra titulares de explotacións agrícolas, gandeiras e forestais co obxectivo dun mellor aproveitamento das explotacións dos seus membros.
- ▶ **De explotación comunitaria de terras.** Son asociacións de titulares de dereitos de usos e aproveitamento de explotacións agrarias, que ceden estes dereitos á cooperativa dedicada á explotación agraria.
- ▶ **De servizos.** As que integran persoas físicas e/ou xurídicas titulares de actividades industriais ou de servizos, así como a profesionais e artistas que exerzan a súa actividade por conta propia. Teñen por obxecto a prestación de servizos e a realización de operacións encamiñadas ao melloramento económico e técnico das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.
- ▶ **Do mar.** Asocian titulares de explotacións pesqueiras, industrias marítimo-pesqueiras, marisqueo, acuicultura e derivados, co obxecto de prestar os servizos correspondentes e realizar operacións encamiñadas á mellora económica e técnica das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.
- ▶ **De transportistas.** Asocian titulares de empresas de transporte ou profesionais que exercen no ámbito do transporte cara a organizar e/ou prestar servizos de transporte, ou ben á realización de actividades que fagan posible este obxectivo.
- ▶ **De seguros.** As que exercen actividades aseguradoras en calquera das súas ramas.
- ▶ **Sanitarias.** Teñen por obxectivo desenvolver actividades sanitarias nas súas distintas modalidades: de seguros a prima fixa, de traballo asociado ou de consumido-res e usuarios.
- ▶ **De ensino.** Pretenden desenvolver actividades docentes nos seus distintos niveis e modalidades.
- ▶ **De crédito.** Aqueles que teñen por finalidade servir ás necesidades financeiras activas e pasivas dos seus socios e de terceiros, mediante o exercicio das actividades e dos servizos propios das entidades de crédito.
- ▶ **De explotación de recursos acuícolas.** Asocian a titulares de dereitos de uso e aproveitamento de bens e a persoas que posúen títulos relacionados co exercicio da explotación dos recursos acuícolas, e que achegan total ou parcialmente estes dereitos á cooperativa, co obxecto de xestionar unha empresa dirixida á explotación dos recursos acuícolas. Nestas cooperativas poderán ser socios as confrarías de pescadores e as administracións.

- ▶ **De integración social.** As formadas por persoas naturais e, maioritariamente por diminuídos físicos, psíquicos, sensoriais ou calquera colectivo con dificultades de integración social, así como polos seus titores, co obxecto de promover a integración social.
- ▶ **De servizos sociais.** As que teñen por obxecto a prestación de todo tipo de actividades e servizos sociais, públicos ou privados.

Requisitos constitución

Inscribíranse no Rexistro de Cooperativas de Galicia, que legaliza os seus libros e actúa de depósito das contas anuais.


Os Estatutos poderán fixar un capital mínimo superior ao de 3.005,6€ que tamén estará desembolsado na súa totalidade no momento da súa constitución.

As cooperativas de primeiro grao requiren un mínimo de catro socios e as de segundo grao de dous.

Socios

Os socios, que como mínimo serán 4 nas de primeiro grao, e poderán ser persoas físicas ou xurídicas, non responderán persoalmente das débedas sociais, salvo que os Estatutos dispoñan outra cousa.

Os socios poden ser persoas físicas ou xurídicas, e todos teñen os mesmos dereitos políticos e económicos, cada socio ten un voto á marxe do capital achegado.



As sociedades cooperativas teñen en Galicia unha grande importancia nas actividades primarias.

Órganos de xestión e administración

- ▶ **Asemblea Xeral.** É a reunión de todos os socios e representa a máxima autoridade social. Os seus acordos obrigan a todos. Poden ser ordinarias, extraordinarias ou universais.
- ▶ **Consello Director.** É o órgano de goberno, xestión e representación. Elixido pola asemblea dos socios, poden ser persoas físicas ou xurídicas socias ou non. En caso de ser menos de 10 socios, haberá un administrador único, que deberá ser un socio ou socia.
- ▶ **Interventores.** É o órgano de fiscalización da cooperativa. A súa misión é a censura das contas anuais antes da presentación á asemblea e sobre a proposta de reparto do excedente. Levan o control dos libros da cooperativa.
- ▶ **Comité de Recursos.** É un órgano que se dedicará a tramitar todo tipo de recursos contra sancións a socios ou socias.

As empresas non son todas iguais. Diferéncianse entre si por unha serie de aspectos que as caracterizan, a saber: o fin que perseguen, a forma da propiedade, o seu tamaño, a natureza da actividade que realizan, a forma xurídica etc.

Clases de empresas

- Polo fin que perseguen poden ter un ánimo de lucro ou non.
 - ▶ Privadas
 - ▶ Públicas
 - ▶ Grandes
 - ▶ Medianas
 - ▶ Pequenas
- Pola actividade:
 - ▶ Agrícolas, gandeiras ou pesqueiras
 - ▶ Industriais e construción
 - ▶ Comerciais e de servizos
- Pola responsabilidade:
 - ▶ De responsabilidade ilimitada:
 - Individuais
 - Sociedades colectivas
 - ▶ De responsabilidade limitada:
 - Sociedade Anónima
 - Sociedade Responsabilidade Limitada
 - Sociedade Anónima Laboral
 - Sociedade Cooperativa
 - ▶ De responsabilidade mixta:
 - Sociedade Comanditaria

Forma xurídica

Unha primeira diferenciación é entre individuais e sociedades. As sociedades poden centrarse nas persoas que a integran ou no capital achegado por estas.

- Sociedades de persoas
 - ▶ S. Colectiva
- Sociedades de capitais
 - ▶ S. Anónima, Limitada
- Sociedades mixtas
 - ▶ S. Comanditaria

Nunha sociedade sempre haberá que estudar:

- Concepto e características
- Requisitos de constitución
- Os socios: clases, obrigas, dereitos.
- Títulos de propiedade: clases, transmisión.
- Órganos de administración e control: administradores, auditores, xuntas.

As Sociedades Anónimas

Teñen unha especial importancia pola incidencia na sociedade, pola dimensión do seu capital.

O título de propiedade recibe o nome de acción, e, ao ser libremente transmisible, representa unha forma de aforro-investimento para os cidadáns e as cidadás.

- Acción
 - ▶ Valor
 - Nominal
 - Cotización
 - Teórico
 - ▶ Clases
 - Ordinarias ou privilexiadas
 - Nominativas ou ao portador
 - Liberadas ou non liberadas
 - Con prima ou sen prima
 - Con voto ou sen voto

As **Sociedades de Responsabilidade Limitada** son un tipo de sociedades menores en capital mais non en importancia; en xeral, son parecidas ás anteriores pero cuns requisitos de funcionamento e control máis sinxelos. Neste caso, os títulos denomináanse participacións e non son libremente vendibles.

Certas SA e SRL teñen unha característica especial, e é a de que unha maioría do capital pertence aos traballadores e ás traballadoras. Neste caso, denomínanse **Sociedades Laborais**.

As **Sociedades Cooperativas** non perseguen a obtención dun beneficio económico para si mesmas, senón para os seus socios e as súas socias por medio da propia actividade.

anexo I

■ Clasificación das actividades económicas segundo as ramas de actividade (CNAE 2009)

05	Extracción de antracita, hulla e lignito	49	Transporte terrestre e por tubaxe
06	Extracción de cru de petróleo e gas natural	50	Transporte marítimo e por vías navegables interiores
07	Extracción de minerais metálicos	51	Transporte aéreo
08	Outras industrias extractivas	52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte
09	Actividades de apoio ás industrias extractivas	53	Actividades postais e de correos
10	Industria da alimentación	55	Servizos de aloxamento
11	Fabricación de bebidas	56	Servizos de comidas e bebidas
12	Industria do tabaco	58	Edición
13	Industria téxtil	59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e musical
14	Confección de roupa de vestir	60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión
15	Industria do coiro e do calzado	61	Telecomunicacións
16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	62	Programación, consultaría e outras actividades relacionadas coa informática
17	Industria do papel	63	Servizos de información
18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións
19	Coquerías e refinación de petróleo	65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións, agás seguranza social obrigatoria
20	Industria química	66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e agás seguros
21	Fabricación de produtos farmacéuticos	68	Actividades inmobiliarias
22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	69	Actividades xurídicas e de contabilidade
23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	70	Actividades das sedes centrais; actividades de consultaría de xestión empresarial
24	Metallerxía; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixés	71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría; ensaios e análises técnicas
25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	72	Investigación e desenvolvemento
26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	73	Publicidade e estudos de mercado
27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas
28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	75	Actividades veterinarias
29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	77	Actividades de aluguer
30	Fabricación doutro material de transporte	78	Actividades relacionadas co emprego
31	Fabricación de mobles	80	Actividades de seguranza e investigación
32	Outras industrias manufactureras	81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría
33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas
35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	85	Educación
36	Captación, depuración e distribución de auga	86	Actividades sanitarias
37	Recolla e tratamento de augas residuais	87	Asistencia en establecementos residenciais
38	Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valorización	88	Actividades de servizos sociais sen aloxamento
39	Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos
41	Construción de edificios	91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais
42	Enxeñaría civil	92	Actividades de xogos de azar e apostas
43	Actividades de construción especializada	93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento
45	Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	94	Actividades asociativas
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico
47	Comercio a retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	96	Outros servizos persoais